

DESDE  
2007

# SPECIAL EDITION

Herald Toupeiras • O Boletín Independente dos Empregados Públicos



## PROMOCIÓN INTERNA 2014. A GRAN CONXURA DOS NECIOS!!

Xullo de 2014

***Yo sólo me relaciono con mis iguales, pero como no tengo iguales, no me relaciono con nadie” (Ignatius Reilly).*** Da ficción á realidade, esta parece ser a máxima que ven de aplicar a Consellería de Facenda cando se trata de negociar dereitos dos empregados públicos.

# PROMOCIÓN INTERNA 2014 A GRAN CONXURA DOS NECIOS!!



XUNTA DE GALICIA  
CONSILLERÍA DE FACENDA



Despois de ter transcorrido mais dun lustro dende as últimas convocatorias de promoción interna, presenta a Consellería de Facenda uns borradores que acumulan as prazas ofertadas e non convocadas nas raquílicas OPEs dos últimos anos. OPEs marcadas polos recortes e as políticas de austeridade respecto dos empregados públicos.

A sorpresa (desagradable sorpresa) xurde cando dunha simple, obxectiva e nada interesada lectura das catro ordes de convocatoria, pode observarse un radical cambio na liña seguida nos procesos de acceso libre, consistente nunha **acumulación desmedida da “política do máis”. Máis probas”. “Máis temas”. “Máis subxectividade na corrección das mesmas”**. Unha política de selección e promoción profesional que basea as probas selectivas na memorística, cando dende todos os organismos internacionais (informe Pisa, OCDE, UE...) estase a fuxir destes sistemas obsoletos.

Pero na Xunta de Galicia vai ao cómodo. **Nada** de racionalizar temarios; **nada** de introdución de probas mais prácticas ou obxectivas; **nada** de que a EGAP elabore uns temarios tal e como se comprometeu o partido que nos goberna no seu programa electoral e, por suposto, **nin** rastro da comisión de racionalización que tiña como obxectivo modernizar as probas de acceso. **Corta e pega puro e duro** e, sobre todo pegar, toda canta novidade legislativa vai aparecendo para acumular máis e máis materia. Moita **memorística** da que parece que carecen algúns altos funcionarios desta Administración que están a ocupar na actualidade postos de alta responsabilidade e que accederon a tal condición fai un par de décadas e que agora esquecen o tipo de probas que tiveron que superar para acceder a tal condición (sic.).

Con respecto ao dito, compre botar unha ollada sobre certos preceptos legais:

#### **Artigo 18.4 do Estatuto Básico do Empregado Público**

*As Administracións Públicas adoptarán medidas que incentiven a participación do seu persoal nos procesos selectivos de promoción interna e para a progresión na carreira profesional.*

#### **Artigo 63 do Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia.**

*A carreira administrativa consiste na promoción desde o corpo ou escala dun determinado grupo ao doutro inmediatamente superior, ou no ascenso dentro dos graos asignados ao mesmo corpo ou escala, ou no acceso a outro corpo ou escala do mesmo grupo.*

#### **Artigo 22 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo de selección e provisión.**

*A Xunta de Galicia facilitará, en todo caso, a promoción interna dos funcionarios, que consiste no ascenso dos funcionarios dos corpos ou Escalas duns Grupos a outros correspondentes aos Grupos inmediatamente superiores.*

#### **Artigo 23 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo de selección e provisión.**

*O ascenso por Promoción Interna efectúase mediante o sistema de oposición ou concurso oposición. Os funcionarios que participen poden quedar exentos do*



*exame daquelas materias das que teñan coñecemento suficiente acreditado polo exame esixido no seu día para acceder ao posto de traballo que veñan desempeñando.*

Polo que parece, e despois do tempo transcorrido, a Dirección Xeral de Función Pública debeu esquecer ditos preceptos. Así que non está demais lembrarlle que:

1º A promoción interna forma parte da carreira profesional dos Funcionarios Públicos. Carreira Profesional que leva estancada mais dun lustro SEN UNHA SOLA CONVOCATORIA.

2º A Xunta de Galicia ten a obriga de FACILITAR a promoción interna.

3º Unha das maneiras que a lexislación permite para facilitar dita promoción interna é a EXENCION DE MATERIAS de coñecementos acreditados.

Pois ben, como temos manifestado, a Administración galega debe esquecer ditas obrigas e mandatos legais, pois o que fai, respecto da última convocatoria, e todo o oposto. **Nin** está pola promoción profesional e carreira dos funcionarios, **nin** facilita a mesma, **nin** exime de materias. A Consellería de Facenda neste senso fai todo o contrario.

O argumento que se pretende utilizar por parte da Dirección Xeral de Función Pública para xustificar o **despropósito destas bases** é que os últimos procesos de promoción interna do ano 2009 estaban vinculados a un “proceso de consolidación de emprego”. Tal argumento resulta risible. A consolidación de emprego dos Corpos Xerais (proceso tamén resolto de modo chapuceiro pola Administración e actualmente xudicializado), convén lembrar que foi un proceso totalmente alleo a promoción interna e que xorde habilitado por Lei para a substitución de emprego “temporal” por “fixo”, fin que evidentemente non ten ningún punto de contacto coa carreira profesional dos funcionarios.

Con todo, é preocupante que por parte da Dirección Xeral de Función Pública se argumente que unha consolidación de emprego require menos esixencia que un proceso de promoción interna. Tal afirmación constitúe unha auténtica **irresponsabilidade e unha falta de respecto cara aos funcionarios de carreira** da Xunta de Galicia. Unha falta máis de respecto cara todos nós!

A Consellería de Facenda non quere darse conta de que estamos a falar dunha promoción interna destinada a funcionarios que, na inmensa maioría dos casos, levan moitos anos desenvolvendo o seu traballo de maneira **altamente profesional** e, polo xeral, xa desempeñando “de facto” funcións correspondentes ao grupo ao que agora aspiran, aínda que sen obter remuneración por elo. Funcionarios que, en moitos dos casos, ademais de ter cargas familiares, sofren dunha sobrecarga de traballo como consecuencia dos sucesivos recortes de persoal instados, por certo, desde a propia Consellería de Facenda

Unha aversión, que parece manifestar a Consellería de Facenda cara aos empregados públicos e que non podemos entender, máxime se a poñemos en contraposición co tratamento diferenciado, exquisito e agarimoso que amosan

